

Celga



Certificado
Lingua
Galega

2

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C2-B-11

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede o seguinte artigo sobre a única mostra naturalista de Galicia. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Facer un breve relato.
- Conversar sobre o tema.

A única mostra naturalista de Galicia abre de novo



A Sociedade Galega de Historia Natural abre as portas da súa nova sede en Ferrol. Fartos de esperar a que terminen unhas obras eternas para acondicionar a súa nova casa, a Sociedade Galega de Historia Natural iniciou hai un ano a mudanza á súa nova sede. "Pechados parecía que non existiamos para ninguén, nin para o público nin para as administracións", sostén a entidade. Esta semana reabriron o seu museo naturalista tras un ano de peche. Aínda coas portas abertas, as obras do museo están lonxe do final. O edificio está a medio pintar e o tellado a medio facer, o ascensor non funciona e non hai liña telefónica.

Porén, a Sociedade Galega de Historia Natural garda a mellor colección de grandes cetáceos mariños de España, con 17 das 24 especies coñecidas, e unha das maiores coleccións de cunchas do mundo, composta por 5000 pezas.

Esta asociación dedicada ao coidado do medio, fundada en 1973 e con 500 socios, ten unicamente o apoio dos ecoloxistas máis activos debido ao mal funcionamento da Administración. Conta con poucos recursos económicos, pero con moito compromiso por parte dos seus socios. Manteñen o museo, un taller de astronomía e as charlas escolares cunha subvención anual duns 30.000 euros do concello ferrolán, que tamén corre coas facturas do novo centro de exposición. É a única mostra galega dedicada á flora e á fauna e que provén de fondos propios, de peixes dos caladoiros galegos e de especies animais recollidas polos voluntarios ao longo de moitos anos.

Hai exemplares moi valiosos e varios fósiles con 15 millóns de anos ás súas costas que despertaron o interese da comunidade científica. Esta compilación de restos de especies mariñas desaparecidas é a segunda en importancia de Europa, só por detrás doutra en Bélxica, puntualizan. O esqueleto completo dunha balea de 18 metros está en construción e o dunha tartaruga xigante colga do teito.

O Museo da Natureza conta cunha das mellores bibliotecas naturalistas de Galicia –4000 títulos de acceso público– e no soto situouse a sala de coidados para a recuperación de animais mariños, por onde desfilan cada ano as tartarugas e as focas desafortunadas que varan nas praias galegas. Por agora, o hospital mariño non ten pacientes.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Como se chama? ▪ A que se dedica? ▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ▪ Canto tempo leva estudando galego? ▪ Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
2. RESUMO	2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ De que tipo de museo se fala no texto? ▪ Como é a súa sede? En que condicións funciona? ▪ Lembra algunha das cousas que se expoñen no museo? ▪ Recorda quen xestiona o museo? 	
3. RELATO	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: nesta parte o candidato debe relatar unha anécdota ou unha historia. O entrevistador escollerá unha das alternativas e diralle ao candidato que faga un relato. Se este non avanza, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Onde estaba? Que pasou? Con quen? Cando? A opción de relato que se lle dá ao candidato (A, B, C...) debe manterse tamén na parte de interacción.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> A. Conte con detalle algunha visita súa ou dun coñecido seu a un museo. B. Relate algunha anécdota vivida por vostede ou por algún coñecido seu no medio natural (praia, río, monte, fraga...). C. Conte con detalle algunha actividade que se leve a cabo nalgunha asociación coñecida por vostede. 	

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador:

A partir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa co candidato.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato.

OPCIÓN A

- Coñece algún museo parecido ao que se menciona no texto? E doutro tipo?
- Que pensa vostede dos museos? Paga a pena mantelos?
- Recorda algunha vez en que pensou que unha cousa debería estar nun museo? Por que?
- Que opina desta maneira de dar a coñecer o patrimonio natural?
- (Se procede) Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto a este tema?

OPCIÓN B

- Pensa que antes era máis doado ver animais vivos na praia, no río ou no monte?
- Alén dos museos, sabe doutros medios para que a xente coñeza o medio natural, sobre todo os máis novos?
- Pensa que convivir con animais é bo para a educación dos máis novos? Por que?
- A vostede gústanlle os animais? Tivo animais algunha vez?
- (Se procede) Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto a este tema?

OPCIÓN C

- Pensa que paga a pena traballar moito e de balde para manter algo coma un museo? Por que?
- Vostede traballaría de balde para un museo ou unha asociación?
- Que opina vostede do dito “a unión fai a forza”?
- Que museos hai onde vostede vive? Cales cre que debería haber?
- Cre que os museos deberían estar subvencionados pola Administración?
- (Se procede) Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto a este tema?